



III Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros

Organiza:

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galiza).

Descrición xeral dos contidos:

As aulas desenvolveranse de acordo coa seguinte programación:

–*Actividades teórico-prácticas de lingua galega:*

A aprendizaxe non estará focada exclusivamente dun punto de vista gramatical, mais tamén se verá complementada con diversas actividades (xogos, dinámicas de participación social aplicadas ao ensino da lingua etc.) dirixidas a motivaren o alumnado e a facilitaren a interacción e a comunicación en contextos variados. Nestas aulas, o profesorado procurará adaptarse ao nivel do grupo e ás súas necesidades concretas.

–*Achegamento á cultura galega:*

Neste tipo de sesións desenvolveranse actividades pensadas para que o alumnado acceda a coñecementos básicos sobre a cultura galega (historia, arte, música, produción cultural contemporánea etc.). Na mesma liña, programaranse visitas a institucións e a asociacións relacionadas coa promoción da lingua e da cultura galegas, encontros con escritores/as e persoas de relevo na cultura galega, ben como a asistencia a actividades culturais de carácter diverso. Igualmente, tamén se organizarán visitas a varias cidades e comarcas galegas (Santiago de Compostela, Costa da Morte, A Coruña).

Persoas destinatarias:

O Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas diríxese a aquelas persoas que procederen de fóra de Galiza e que estiveren interesadas en se introduciren no estudo da lingua galega e en ampliaren os seus coñecementos sobre a cultura galega.

Duración:

80 horas lectivas

Calendario do curso:

O curso impartirase entre o día 5 e o día 30 de xullo de 2010 e desenvolverase preferencialmente en horario de mañá, das 10.00 h até ás 13.30 h

Lugar de realización:

Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña (Campus da Zapateira, s/n, 15071 A Coruña).

Número de prazas: 25

De se non cubriren 10 prazas como mínimo, poderase suspender o curso.

Bolsas de estadía:

A Universidade da Coruña concederá **15 bolsas** de estadía de **500€** brutos, suxeitas aos descontos que marca a lei (24% de conformidade co Real decreto legislativo 5/2004 do día 5 de marzo, artigo 25).

Estas bolsas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9890.9995.422D.480.04 (Bolsas, Servizo de Normalización Lingüística).



Para acceder a estas bolsas, as persoas interesadas deberán enviar a solicitude acompañada inescusabelmente da seguinte documentación:

- O currículo da persoa solicitante.
- Unha breve memoria en que figuraren as motivacións e o seu interese pola lingua galega.
- Unha carta de presentación dun/dunha profesor/a da entidade en que estuda ou en que estudou a persoa solicitante, se for posíbel.
- Formulario normalizado (ANEXO I).
- Fotocopia do DNI ou PASAPORTE.
- O impreso de datos bancarios (ANEXO VI) debidamente cuberto.

Prazo e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes enviaranse por correo electrónico ao enderezo: snl@udc.es ou ben por correo postal ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) antes das 14:00 h do día 28 de MAIO de 2010.

Comisión de selección e criterios de avaliación:

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

María José Martínez López,	vice-reitora de Estudantes e Relacións Internacionais, ou persoa en quen delegar.
Goretti Sanmartín Rei,	directora do Servizo de Normalización Lingüística.
Xosé Manuel Sánchez Rei,	director do curso.
Leticia Eirín García,	secretaria do curso.
Marisol Ríos Noya,	técnica do Servizo de Normalización Lingüística.

A baremación farase conforme aos seguintes criterios:

Memoria:	máximo 7 puntos (70% da puntuación total)
Currículo:	máximo 3 puntos (30% da puntuación total)

Só se valorarán os expedientes que acrediten documentalmente os méritos e que achegaren a documentación completa na data en que remate a presentación de solicitudes.

Estas bolsas serán resoltas antes do día 09 de xuño. Para a súa concesión, terán preferencia aquelas persoas que nunca antes estiveron matriculadas no Curso.

Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpor un recurso potestativo de revisión perante o reitor no prazo de 5 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da UDC.

As persoas admitidas no Curso recibirán unha notificación por correo electrónico, para alén de se facer pública a listaxe cos nomes das persoas a que se lles concederen as bolsas de estadía (máis suplentes) na páxina web: www.udc.es/snl.

Obrigas das persoas bolseiras

A persoa bolseira comprométese a asistir ao Curso.

O incumprimento por parte da persoa bolseira de asistir ao curso ou dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.



Preinscrición e matrícula:

Para se inscribir é necesario ter feitos os 18 anos e que o boletín de inscrición (ANEXO I) chegue á Secretaría do curso **antes do día 28 de MAIO de 2010**. Este boletín será enviado ao enderezo electrónico snl@udc.es.

Logo de se publicar a listaxe, as persoas seleccionadas deberán **pagar a matrícula** por transferencia bancaria, mediante o formulario que se publicará na páxina web www.udc.es/snl do Servizo de Normalización Lingüística e **remitir o xustificante de pagamento (páxina 2)** a este Servizo antes do día **23 DE XUÑO**.

O **importe da matrícula** será de **60€** prezo en que irán incluídos o material didáctico e os gastos das actividades complementares de carácter cultural. Só se considerará inscrita unha persoa cando se recibir no Servizo de Normalización Lingüística o xustificante de pagamento da matrícula.

Diploma:

Todas aquelas persoas que superaren con éxito as probas de avaliación obterán un certificado oficial de nivel elemental de Lingua Galega expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Acompañamento:

Procurarase que o alumnado matriculado no curso que o así desexar poida estar acompañado durante os primeiros días por unha persoa que o axude a se introducir na vida social e na práctica lingüística.

Máis información:

Para calquera dúbida ou aclaración, pódese contactar cos seguintes enderezos:

- Director do curso: profesor Xosé Manuel Sánchez Rei (sanrei@udc.es).
- Secretaria: profesora Leticia Eirín García (leirin@udc.es).
- Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (snl@udc.es).

A Coruña, 7 de maio de 2010

O vicerreitor de Cultura e Comunicación

Luís Caparrós Esperante



ANEXO I

1. Título do curso que solicita			
2. Persoa solicitante			
Apelidos		Nome	
Pasaporte ou documento de identidade			
3. Enderezo particular			
Rúa		N.º	Andar
Poboación	Provincia	Código postal	Teléf.
País	Correo electrónico		
4. Universidade/institución en que estuda			
5. Idiomas que fala			
6. Documentación que achega para solicitar a BOLSA			
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI ou pasaporte			
<input type="checkbox"/> Currículo			
<input type="checkbox"/> Breve memoria en que figuraren as motivacións e o seu interese pola lingua galega			
<input type="checkbox"/> Carta de presentación dun/dunha profesor/a da entidade en que estuda ou en que estudou			
<input type="checkbox"/> Impreso de datos bancarios (ANEXO VI) debidamente cuberto			
..... , dede 2010			
Sinatura			



ANEXO VI

FICHA DE IDENTIFICACIÓN FINANCEIRA DE NON RESIDENTES

TIPO DE MOVEMENTO (TYPE OF MOVEMENT)

Alta de terceiro (Discharge of third party) **Modificación datos de terceiro** (Modification of information)

DATOS PERSOAIS / PERSONAL DETAILS

Apelidos / Surname _____	Nome / Name _____
DNI ou pasaporte / ID Card or Passport / VAT ⁽¹⁾ _____	
Nome da empresa / Company Name _____	
Enderezo / Address _____	N.º _____ Andar / Flat _____
Poboación / City _____	Provincia / Province _____
Código postal / Postal Code _____	País / Country _____
Correo electrónico / E-Mail Address _____	
Conforme "O terceiro" / Agreed "The Signatory"	Data / Date
Sinatura / Signature	

DATOS BANCARIOS / BANK ACCOUNT DETAILS⁽²⁾

Entidade bancaria / Bank _____	
Código da entidade / Bank Code ⁽³⁾ _____	N.º de conta / Account Number _____
Enderezo da sucursal / Branch Address _____	
Código IBAN / IBAN Code ⁽⁴⁾ _____	

(1) Achéguese a fotocopia do documento correspondente
(1) Attach corresponding document photocopy.

(2) Achéguese a copia do documento de datos bancarios
(2) Attach bank details document copy.

(3) SWIFT CODE (BIC); SORT CODE (United Kingdom and Ireland); BLZ (Germany); ABI CAB (Italy); ABA ROUTING (EE.UU.).

(4) Cúbrase unicamente se a conta bancaria declarada está aberta nun país da Unión Europea.

(4) To be complete only if the bank account is opened in a country of the European Union.

En calidade de responsable da actividade que motiva a tramitación deste anexo VI, fago constar que os datos que se relacionan anteriormente corresponden á persoa acreedora.

Nome e apelidos da persoa responsable: _____

Lugar/data, _____

Asdo.: _____